



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Exp. 2024/C003/000006

DECRETO

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO "REPARACIÓN DE FACHADAS CENTRO SOCIAL E ACCESO EXTERIOR" COAS 062024 (POS+ADICIONAL 2/2021 2ª FASE)

EXPEDIENTE: 2024/C003/000006

ANTECEDENTES:

Visto o decreto nº 231/2024 de data 10/07/2024 polo que se aprobou o expediente de contratación "Reparación de fachadas centro social e acceso exterior" (COAS 062024).

Vista a tramitación ordinaria, procedemento aberto simplificado.

Visto que consta publicación na plataforma de contratación do sector público de data 11/07/2024.

Consta certificado de presentación de plicas de 06/08/2024.

A mesa de contratación, na sesión nº 1 acorda:

Primeiro: Admitir á licitación aos seguintes licitadores:

- Excavaciones Pose, S.L.
- Lires Cons, S.L.

Segundo: Solicitar informe técnico para a valoración do sobre B.

Na sesión nº 2 a mesa de contratación procede a tomar coñecemento do informe técnico de valoración do sobre "B" (criterios baseados nun xuízo de valor) de data 30/08/2024.

Polo tanto a Mesa, por maioría, **ACORDA:**

Primeiro: Aceptar a valoración do sobre "B" indicada no informe técnico que contén o seguinte "Resume de valoración":

| | |
|--------------------------|---------------------|
| Excavaciones Pose, S.L.: | 16,50 puntos |
| Plan control de calidade | 3,00 puntos |
| Programa de traballo | 8,50 puntos |
| Plan medioambiental | 2,50 puntos |
| Esquema seguridade | 2,50 puntos |

| | |
|--------------------------|---------------------|
| Lires Cons, S.L.: | 20,00 puntos |
| Plan control de calidade | 4,00 puntos |
| Programa de traballo | 9,00 puntos |
| Plan medioambiental | 3,00 puntos |
| Esquema seguridade | 4,00 puntos |

Segundo: Continuar co proceso de licitación, examinando a documentación presentada polos licitadores no sobre C.

A continuación procédese ao descifrado e apertura dos sobres "C" (criterios cuantificables automaticamente) das empresas licitadoras admitidas e acto seguido a mesa procede ao cálculo do límite da baixa temeraria.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Exp. 2024/C003/000006

Os licitadores presentan as seguintes ofertas económicas (sen IVE):

1. Excavaciones Pose, S.L.: 92.500,00 €.
2. Lires Cons, S.L.: 93.286,65 €.

Introducidas as ofertas económicas no programa da Deputación resulta que o limite da oferta temeraria é de: 90.488,05 €, polo tanto ningún licitador incorre en baixa temeraria.

A continuación a mesa toma coñecemento do ofertado en cada criterio cuantificable automaticamente das empresas licitadoras admitidas e que conteñen as seguintes ofertas:

| LICITADOR | OFERTA ECONÓMICA | PORCENTAXE PERSOAL FIXO | PLAN DE IGUALDADE |
|---------------------------------------|---|-------------------------|-------------------|
| EXCAVACIONES POSE, S.L. B-15626922 | Prezo sen IVE: 92.500,00 € IVE: 19.425,00 € Total: 111.925,00 € | 100,00 % | SI |
| LIRES CONS, S.L. B-15731185 | Prezo sen IVE: 93.286,65 € IVE: 19.590,20 € Total: 112.876,85 € | 87,50 % | SI |

Acto seguido a mesa procede ao acto de valoración das ofertas, de acordo aos criterios establecidos no PCAP. A oferta económica puntuáse directamente utilizando o programa da Deputación. Introdúcese o resto de puntuacións do sobre "B" e "C".

Considerando o anteriormente exposto, a mesa de contratación, por maioría dos presentes, **APROBA**:

Terceiro: Acordar, segundo a valoración indicada no informe técnico, no programa da deputación e a efectuada pola mesa, as seguintes puntuacións totais:

| LICITADOR | OFERTA ECONÓMICA | PORCENTAXE PERSOAL FIXO | PLAN DE IGUALDADE | VALORACIÓN TÉCNICA | TOTAL |
|---------------------------------------|------------------|-------------------------|-------------------|--------------------|-------|
| EXCAVACIONES POSE, S.L. B-15626922 | 0,19 | 45 | 27 | 16,50 | 88,69 |
| LIRES CONS, S.L. B-15731185 | 0,07 | 45 | 27 | 20,00 | 92,07 |

Cuarto: Ordenar en orde decrecente aos licitadores:

1. LIRES CONS, S.L.: 20,00 (Sobre B) + 72,07 (Sobre C) = Total 92,07 puntos.
2. EXCAVACIONES POSE, S.L.: 16,50 (Sobre B) + 72,19 (Sobre C) = Total 88,69 puntos.

Quinto: Considerar como a oferta economicamente máis vantaxosa a de LIRES CONS, S.L.

Sexto: Requerir ao licitador, LIRES CONS, S.L., para que presente a documentación xustificativa que se especifica na cláusula 16.1 do PCAP no prazo de 7 días hábiles.

Sétimo: Requerir ao licitador LIRES CONS, S.L. para que comunique a esta administración que condición especial de execución elixe, de entre as especificadas na cláusula 27 do PCAP (con referencia ao punto 13



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Exp. 2024/C003/000006

do cadro de características do contrato).

A mesa de contratación, na sesión nº 3, comprobou a documentación presentada, en prazo e forma, pola empresa Lires Cons, S.L., a través da PCSP, relativa ao expediente de contratación, tras o requirimento efectuado mediante anuncio publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

A mesa de contratación, examina a documentación presentada polo licitador Lires Cons, S.L., e conclúen que o licitador Lires Cons, S.L. acredita o seguinte:

- A personalidade e a capacidade.
- Representación.
- Inexistencia de prohibicións de contratar.
- A clasificación.
- Que está ao corrente coas obrigas tributarias da C.A.G., do Estado e da Seguridade Social.
- Unha dirección electrónica habilitada para notificacións.
- Suficiencia de medios persoais e materiais para a execución da obra.

A mesa consulta con Tesourería, sobre si o licitador Lires Cons, S.L., está ao corrente coas obrigas tributarias co concello.

Despois de examinar a documentación requirida ao licitador conforme á cláusula 16.1 e o punto 13 do cadro de características do PCAP. A mesa, por maioría, **ACORDA**:

Primeiro: Considerar que toda a documentación presentada por Lires Cons, S.L. é correcta.

Segundo: Elevar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación a favor do licitador Lires Cons, S.L.”

Visto o informe de fiscalización de data 04/10/2024 con reparo de carácter suspensivo.

Visto o decreto nº 342/2024 de 08/10/2024 de adxudicación da dirección facultativa.

Considerando o anteriormente exposto, vistos todos os antecedentes obrantes no expediente, e no uso das atribucións que me confire a disposición adicional 2ª da LCSP, **RESOLVO**:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo de intervención, xa que na actualidade o concello non ten arquitecto municipal, polo que se ve obrigado a recorrer a un técnico externo e a proposta de adxudicación é acorde coa proposta formulada pola mesa de contratación.

Segundo: Clasificar as ofertas presentadas no seguinte orde decrecente:

1. LIRES CONS, S.L.: 20,00 (Sobre B) + 72,07 (Sobre C) = Total 92,07 puntos.
2. EXCAVACIONES POSE, S.L.: 16,50 (Sobre B) + 72,19 (Sobre C) = Total 88,69 puntos.

Terceiro: Adxudicar a contratación a LIRES CONS, S.L. (B-15.731.185), por presentar a oferta económica máis vantaxosa, nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, no proxecto e prescricións técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta que contén:

- a) Oferta económica: 93.286,65 € (sen IVE), 19.590,20 € (IVE), 112.876,85 € (total)
- b) Porcentaxe persoal fixo en relación co global da empresa: 87,50 %
- c) Plan de igualdade: Si.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Exp. 2024/C003/000006

Cuarto: O adxudicatario deberá concorrer á formalización do contrato no prazo dos quince días hábiles seguintes a aquel no que reciba a presente notificación.

Quinto: O adxudicatario debe aboar, con carácter previo á sinatura do contrato, a taxa correspondente por formalización do contrato segundo estipula a ordenanza fiscal nº 4 por expedición de documentos administrativos e o punto 16 do anexo I do cadro de características.

Sexto: O contratista debe presentar o Programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde e o Plan de residuos, de conformidade coa cláusula 18.3. do prego.

Sétimo: O adxudicatario deberá presentar, de conformidade coa cláusula 13 do cadro de características do contrato, a documentación que xustifique a condición especial de execución.

Oitavo: Notificar aos interesados.

Noveno: Publicar a adxudicación no Perfil do contratante.

Décimo: Dar conta ao Pleno da presente resolución.

En Zas,

Dou fe.

O ALCALDE

Manuel Muíño Espasandín

A SECRETARIA

Isabel Outeiriño Sánchez